

ACTA Nº 2018/3

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALON DE PLENOS, sábado 27 de xaneiro de 2018 -

No día de hoxe, ás 11:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SECUNDINO GARCIA CASAL

ASISTEN:

BNG

AMPARO CALVO GONZALEZ

MANUEL VARELA MECIAS

SABELA IÑIGUEZ CINZA

MANUEL BECEIRO COUCE

ANA BELEN BREIXO GUNDIN

XESUS MANUEL SOTO VIVERO

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

CRISTINA CALVO TUIMIL

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

SECRETARIA ACCIDENTAL:

MÓNICA CIBREIRO CANEIRO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación da acta anterior:

Sométese a aprobación a acta da sesión celebrada o 14 de decembro 2017, que foi posta a disposición das Concelleiras e Concelleiros da Corporación municipal. Non tendo observacións ao respecto, apróbase por unanimidade.

2.- Toma de posesión da Concelleira electa Cristina Calvo Tuimil:

Téndose cumpridos os requisitos previos para a toma de posesión da nova Concelleira, Cristina Calvo Tuimil, por parte da Secretaria procédese a dar lectura á fórmula legalmente establecida polo RD 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas, que regula a fórmula de toma de posesión de cargos e empregados públicos: "Cristina Calvo Tuimil, xura ou promete pola súa conciencia e a súa honra cumprir fielmente as súas obrigas do cargo de concelleira do Concello de San Sadurniño, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?"

Ao que a Sra. Calvo Tuimil contesta: "Yo juro"

A continuación, o Alcalde dálle a benvida de parte da corporación municipal, trasladándolle o desexo de que o traballo sexa o máis proveitoso posible.

3.- Ratificación e toma de razón de acordos e resolucións.

Por parte da Secretaria accidental procédese a dar conta da relación de resolucións a disposición das concelleiras e concelleiros ditadas dende a última sesión plenaria, que se corresponden coa numerada desde o 183 ata o 204 do 217, do ano 2017 e do 1 ao 10 do 2018, das que se deron conta nas correspondentes xuntas de goberno. Tamén se dá conta expresa para a súa ratificación da resolución número 166 de 9 de outubro de 2017, na que no punto segundo se designa a Mónica Cibreiro Caneiro como Secretaria do Xulgado de Paz de San Sadurniño.

Debido á non convocatoria previa de Comisión informativa de asuntos do pleno, procede a votación da inclusión de urxencia do resto de puntos da orde do día. A proposta da Alcaldía, a votación realízase de todos os puntos en conxunto, aprobándose, por unanimidade, a inclusión dos seguintes puntos da orde do día:

4.- Recoñecemento extraxudicial de crédito 01/2018.

Dáse conta do expediente tramitado para o recoñecemento extraxudicial de crédito 01/2018, que estivo a disposición das concelleiras e concelleiros desde a convocatoria da sesión plenaria, no que se conteñen a relación de facturas pendentes de recoñecemento e o preceptivo informe da Secretaría-Intervención accidental do Concello.

O Alcalde cédelle a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda e portavoz do grupo de goberno que explica que o recoñecemento é o instrumento orzamentario legalmente establecido para aprobar facturas que foron recibidas nos últimos meses de 2017 e que, por carecer de crédito nas correspondentes partidas, procede recoñecelas para poder proceder ao seu pago.

Prodúcense a continuación, as seguintes intervencións que se recollen de forma sucinta:

A Portavoz municipal do PSdG-PSOE anuncia a súa abstención.

O Portavoz municipal do PP explica que deberían aumentarse as consignacións das partidas que corresponden a esas facturas, xa que a situación repítese todos os anos, e non só aumentar o gasto corrente. Pese a dita observación, anuncia o voto favorable do seu grupo municipal.

Na quenda de réplica, o Concelleiro delegado de Facenda explica que para poder incrementar partidas de gasto, debe existir unha correspondencia nos ingresos para sostelas e afirma que o argumento do portavoz do Partido Popular é incongruente, xa que as facturas que se presentan a recoñecemento son de gasto corrente. Explica tamén que máis da metade corresponden a facturas de Gas Natural que chegaron na súa maioría no mes de decembro, o que dá boa mostra da axilidade no pago do Concello de San Sadurniño que, no mes de xaneiro, ten pagados os custos correspondentes a electricidade do ano 2017. Aínda que tamén hai outras facturas de pequenas e medianas empresas e de persoas autónomas que teñen prestado os seus servizos ou realizados obras para esta administración. Por último, convida a todas as persoas da corporación a reconsiderar posturas e votar favorablemente ao recoñecemento das facturas a efectos de recoñecer que se lle quere pagar a esas empresas e autónomos.

Sométese a votación o recoñecemento das facturas que se xuntan como anexo a esta

acta, resultando aprobado por unanimidade.

5.- Expediente de modificación de créditos 01/2018.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito 1/2018, que estivo a disposición das concelleiras e concelleiros, no que constan a memoria da Alcaldía e os informes de Secretaría-Intervención correspondentes. Dito expediente correspóndese con un expediente de modificación de crédito 1/2018, na modalidade de xeración de crédito por ingresos non tributarios, de acordo co seguinte detalle:

ORZAMENTO INGRESOS

CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
Subvención AGADER PEIM 2018-19	75060	64.070,00 €
TOTAL		64.070,00

ORZAMENTO GASTOS

CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
Proxecto PEIM 2018-19	453-61900	64.070,00 €
TOTAL		64.070,00 €

O Alcalde cédelle a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda e portavoz do grupo de goberno que explica que é un expediente por xeración de crédito que, debido á aprobación do Plan de obras que AGADER publicou no mes de xaneiro e que supón un ingreso non previsto no orzamento de 64.070 euros que se utilizarán para levar a cabo un investimento en camiños municipais, se deben incorporar ao orzamento; xa que a parte que debe afrontar o Concello é a correspondente ao IVE, que xa está prevista en distintas partidas orzamentarias.

Prodúcense as seguintes intervencións, recollidas de forma sucinta:

A Portavoz do PSdG-PSOE anuncia o seu voto a favor.

O Portavoz do PP anuncia tamén o seu voto a favor tras ter visto os informes nos que se dispón o cumprimento dos requisitos necesarios e considerar que hai camiños suficientes para os investimentos.

Sometido este punto a votación, apróbase por unanimidade o expediente de modificación de crédito 1/2018, na modalidade de xeración de crédito por ingresos non tributarios, de acordo co seguinte detalle:

ORZAMENTO INGRESOS

CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
Subvención AGADER PEIM 2018-19	75060	64.070,00 €

TOTAL	64.070,00
--------------	------------------

ORZAMENTO GASTOS

CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
Proxecto PEIM 2018-19	453-61900	64.070,00 €
TOTAL		64.070,00 €

6.- Modificación do acordo de aprobación do POS+2018.

Dáse conta da proposta da Alcaldía sobre a aprobación das actuacións do POS+2018, que estivo a disposición da corporación municipal desde a convocatoria desta sesión plenaria, realizada a raíz de ter detectado erros na distribución dos importes por anualidades e na codificación dun proxecto do plan complementario; polo que se fai precisa a rectificación da aprobación inicial.

O Alcalde cédelle a palabra ao portavoz do grupo de goberno que explica que, debido a un erro na elaboración do POS 2018, á hora de consignar os ingresos para financiar o plan utilizáronse dúas vías de financiación, cando non é posible facelo así. Requiridos pola Deputación Provincial, debe optarse por financiar 20.000 euros con fondos propios e os 20.000 euros que se prevían como ingreso da Deputación non poden destinarse a esta obra, senón que se ingresarán para gasto corrente. Tamén procede modificar o epígrafe no que se contemplaba o plan complementario que se destinaba inicialmente para mellora de iluminación nas instalacións deportivas, (epígrafe 342), pero advertidos de que no plan non se financia ese epígrafe, debe poñerse o 933, que é xestión do patrimonio. Ditas modificacións son meramente burocráticas e non afecta ás contías que se prevén.

A continuación, os grupos municipais manifestan o seguinte:

A Portavoz do PSdG-PSOE anuncia o seu apoio e voto favorable á proposta.

O Portavoz do PP considera que as obras incluídas no POS son necesarias e o único que consideraron xa no seu momento é que non concordaban con deixar tanta cantidade para gasto corrente. Anuncia o voto a favor do grupo popular.

Sometido a votación, apróbanse por unanimidade os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

A) Financiamento do pago a provedores: 0,00 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	222.560,68 €
Subtotal gasto corrente	222.560,68 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos financeiramente sostibles)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación de Pavimentos na Avda. Marqués de Figueroa e outros	453-61900	218.361,42 €	22.265,04 €	240.626,46 €
Subtotal investimentos provincial 2017		218.361,42 €	22.265,04 €	240.626,46 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos: 0,00 €

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios: 0,00 €

F) Redución de débeda con entidades financeiras: 0,00 €

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2018	0,00 €	0,00 €	0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	222.560,68 €	0,00 €	222.560,68 €
	Achega 2018	0,00 €	0,00 €	0,00 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	218.361,42 €	22.265,04 €	240.626,46 €
	Préstamo 2018	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2018	0,00 €	0,00 €	0,00 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2017	0,00 €	0,00 €	0,00 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Préstamo 2018	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	Achega 2018	222.560,68 €	0,00 €	222.560,68 €
	Achega 2017	218.361,42 €	22.265,04 €	240.626,46 €
	Préstamo 2018	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	440.922,10 €	0,00 €	463.187,14 €

SEGUNDO: Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Urbanización do entorno do convento do Rosario	453-61900	90.307,95 €
Mellora da Iluminación nas Instalacións Deportivas -Concello de San Sadurniño	933-61900	42.533,42 €
TOTAIS		132.841,37 €

TERCEIRO: Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO: Comprométese o Concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houber.

QUINTO: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

SEXTO: Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉPTIMO: Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

7.- Modificación do regulamento da Escola Infantil Municipal.

Dáse conta do expediente posto a disposición das concelleiras e concelleiros relativo á modificación do regulamento da Escola Infantil Municipal “A Rolada”, no que constan os informes e propostas relativas ao asunto.

O Alcalde cédelle a palabra ao Concelleiro de Servizos Sociais e portavoz do grupo de goberno, que explica que a modificación é case insubstancial, pero que se considera oportuno facelo en pleno para atender ás propostas dos outros grupos e por unha cuestión

de transparencia. Unha das razóns da modificación é adaptar o funcionamento á realidade actual, na que a axente de igualdade encargada de gran parte do traballo relacionado coa EIM se atopa de baixa por maternidade que pode prolongarse no tempo. Por ser preciso que algúns traballos realizados por esta traballadora se realicen pola empresa adxudicataria da xestión da EIM, descargando de traballos burocráticos ás traballadoras municipais, considérase oportuno modificar o regulamento neste sentido.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

A Portavoz do PSdG-PSOE manifesta o seu acordo coa proposta.

O Portavoz do PP tamén amosa o acordo coa proposta e coa reorganización das funcións que viña realizando a axente de igualdade.

Sometida a votación a proposta formulada, apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

PUNTO ÚNICO: Aprobar a modificación do apartado 5.2 de Regulamento da Escola Infantil Municipal "A Rolada", que pasará a conter a redacción seguinte:

"5.2 Órganos técnicos municipais:

A responsable técnica municipal do funcionamento da EIM será a Axente de Igualdade, que exercerá a coordinación co persoal adscrito á EIM, así como se encargará de controlar e facer seguimento da consecución dos obxectivos do servizo.

Asemade supervisará que o propio servizo efectúe a axeitada comprobación do cumprimento da normativa e das condicións laborais do persoal contratado na EIM e leve a termo a asistencia técnica á comisión de seguimento e control da EIM, a información e orientación do servizo ás familias usuarias, a correcta tramitación das matrículas na EIM unha vez ordenados pola comisión municipal os solicitantes, e a asistencia técnica e preparación documental na xestión nas altas e baixas e modificacións de servizos previa á resolución polo órgano municipal competente."

8.- Moción do BNG relativa aos actos de celebración do centenario das revoltas de marzo de 1918.

O Alcalde cédelle a palabra a Ana Pérez, membra da comisión que organiza os actos de conmemoración do centenario de tal revolta, para que explique os actos e o propio contido da moción.

A Sra. Pérez realiza a explicación que a continuación se traslada de xeito sucinto:

A comisión está formada por distintos colectivos sociais e culturais da zona para conmemorar a revolta que se produciu na zona en 1918 contra os especuladores por parte das mulleres e familiar pola educación das fillas e dos fillos. Aquelas revoltas non foron violentas, o que contratas coa represión que sufriron as familias, chegando a morrer mulleres e nenas e nenos. Preténdese a realización de actos en distintos concellos que recorden eses feitos e dar a coñecer a historia máis próxima para ter referencias históricas, tamén se pretenden realizar murais conmemorativos e reclámase o apoio para os mesmos das distintas corporacións municipais. Informa de que, no caso concreto de San Sadurniño, hai documentación que acredita que unha muller de San Sadurniño morreu nunha desas revoltas.

A continuación prodúcese as intervencións dos portavoces municipais dos distintos grupos, que se recollen resumidamente do seguinte xeito:

O Portavoz municipal do BNG manifesta o apoio á Plataforma que está traballando para difundir e recoñecer os feitos que se produciron hai un século para facilitar a historia da comarca de Ferrolterra e explica que o feito de trasladar a moción que se debate pretende a socialización e divulgación de ditos feitos por parte da corporación municipal. Realiza un percorrido histórico-político do momento para contextualizar os feitos no medio dunha

crise obreira mundial da que o Estado Español non foi alleo e que conlevou unha inestabilidade política; que tamén se reflicte en Galiza e, concretamente, na comarca de Ferrolterra, onde se produce unha crise de subsistencia dos produtos básicos debido á acumulación dos bens por parte do Estado Español para o seu envío a outros Estados aliados, provocando a súa escaseza e o incremento dos prezos dos mesmo. Nesta situación prodúcese unha revolta encabezada polas mulleres da comarca que foron as que sufriron a represión, da que se defenderon coas únicas "armas" que posuían: as pedras. De aí o nome popular de "Revolución das pedradas". Conclúe considerando que é de xustiza que desde as institucións representativas do territorio se contribúa ao coñecemento e recoñecemento da historia da zona e o seu coñecemento social, solicitando a consideración favorable á aprobación da moción presentada por todos os grupos da corporación.

A Portavoz municipal do PSdG-PSOE amosa o seu apoio á moción presentada.

O Portavoz do PP sinala que a situación de hai cen anos da que se está a falar non ten que ver coa situación actual, xa que daquela a xente loitaba por ter a disposición produtos de primeira necesidade e que levou ás mulleres a encabezar esta revolución, pola que sufriron represión que se descoñecía ata a actualidade. Manifesta o seu apoio ao texto da moción presentada.

O Alcalde manifesta a necesidade de poñer en coñecemento público as revoltas populares para que a xente coñeza a súa historia e poñer en valor o poder do pobo para coñecendo o pasado, entender o presente e corrixir o futuro; xa que foron sistematicamente ocultadas polo poder establecido como método de control. Pon a disposición de persoas estudosas da historia o arquivo municipal para rescatar a memoria de todas as persoas que participaron nos acontecementos e renderlles o tributo que tería que serlles rendido xa naquel momento.

Sometida a votación a moción presentada, resulta aprobada por unanimidade, tomando o seguinte acordo:

PUNTO ÚNICO: O Concello de San Sadurniño colaborará activamente na organización dos actos que a Comisión Revolta Popular Marzo 1918 acorde, comprometéndose a difundilos entre a poboación para que estes sucesos sexan coñecidos pola poboación do concello.

MOCIÓNS DE URXENCIA

Antes de pasar ao punto de rogos e preguntas, o Alcalde pregunta se hai algunha moción para ser incluída por vía de urxencia. Desde o grupo municipal do BNG maniféstase que desexan tratar unha moción por esta vía relativa á defensa da sanidade pública. Con carácter previo ao debate do contido, procede votar a urxencia. Para a argumentación da urxencia toma a palabra o Portavoz municipal do BNG que manifesta o seguinte: tras as últimas xuntanzas de SOS Sanidade Pública en relación coa tramitación da nova Lei de Saúde, nesta mesma semana, a plataforma insta aos concellos galegos a aprobar declaracións na defensa da sanidade pública e de apoio ás mobilizacións que se teñen previstas por esta cuestión.

Sométese a votación a urxencia de tratamento da moción, obtendo o resultado seguinte:

Votos a favor da urxencia: 7 votos favorables das Concelleiras e Concelleiros do BNG

Votos en contra da urxencia: 0

Abstencións: 4 votos das Concelleiras e Concelleiro do PP e do PSdG-PSOE

Procédese a continuación ao debate do texto da moción, producíndose as seguintes intervencións recollidas a modo de resumo:

O Portavoz do BNG dá lectura da moción titulada "**Moción en apoio ás mobilización en defensa da sanidade pública galega**" que literalmente di:

"O día 4 de febreiro de 2018 a cidadanía galega está convocada a manifestar en Santiago de Compostela en defensa dun dereito fundamental como é o do acceso a un sistema público de atención sanitaria de calidade.

A entidade convocante, SOS Sanidade Pública, é unha plataforma que agrupa colectivos de profesionais da sanidade e de pacientes que reclaman a fin das privatizacións e recortes orzamentarios no sistema sanitario, así como a paralización da Lei Galega de Saúde nos termos en que esta ten sido presentada no Parlamento de Galicia polo Partido Popular.

Os colectivos convocantes entenden que esta reforma da lei sentan as bases para desmantelar os hospitais comarcais, dificultando o acceso a asistencia especializada nas poboacións rurais. Esta reforma da lei, ademais, perpetúa as Estruturas de Xestión Integrada, que someten á Atención Primaria ás Xerencias Hospitalarias, en detrimento da promoción, prevención e atención cercana.

Outra das demandas máis escoitadas nos últimos anos é a da protección da consideración pública do servizo, consideración que se ve dificultada novamente, dado que a proposta de Lei incide na privatización da formación en investigación e innovación sanitaria, ademais de consolidar a forma de funcionamento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, que xa foi obxecto de denuncias pola presenza dentro da mesma de distintas empresas multinacionais.

Por último, desde SOS Sanidade Pública denúnciase que a precariedade laboral das traballadoras e traballadores do servizo séguese afianzando e agora vese amparada polo contido desta lei.

Por todos estes motivos, o Grupo Municipal do BNG, insta ao Pleno da Corporación Municipal a tomar o seguinte acordo:

- O Pleno do Concello de San Sadurniño apoia e anima a participar á cidadanía na manifestación en defensa dun servizo fundamental como é a sanidade pública convocada o 4 de febreiro de 2018 en Santiago de Compostela."

A Portavoz do PSdG-PSOE manifesta o seu acordo co texto da moción.

O Portavoz do PP manifesta que o seu grupo non conta con datos para poder debater sobre a moción, xa que descoñecen o contido da modificación da Lei de Saúde; aínda que saben que se van construír centros de saúde e remodelación de hospitais. Anuncia a abstención do seu grupo municipal.

O Portavoz municipal do BNG replica que os datos están na web da Consellería de Sanidade que é onde está o proxecto de lei e que podería serlle explicado polo grupo que os representa no Parlamento de Galicia. Abonda en que esta modificación non é cuantitativa, senón ideolóxica ou de modelo; xa que a reforma parece que ten máis en conta os intereses de grupos empresariais ou multinacionais que negocian coa saúde ca o interese xeral da xente. O anuncio de obras de construción de novos centros de saúde ou

reformas nos hospitais non é nada novo, senón que se repiten sistematicamente os mesmos anuncios; mentres a realidade é que os servizos, como o de urxencias, son cada vez de peor calidade. E a nova Lei de Saúde pública en lugar de tratar de paliar estas situacións vai xusto no sentido contrario, promovendo a utilización da sanidade privada. Manifesta que non é unha cuestión que afecte exclusivamente a persoas dunha ideoloxía, ao contrario, manifesta o convencemento de que a ampla maioría de votantes do PP en Galiza apoian o texto da moción, pois están a sufrir as consecuencias desta política sanitaria.

Sométese a votación, resultando aprobada con 8 votos a favor das Concelleiras e Concelleiros dos grupos municipais do BNG e do PSdG- PSOE e 3 abstencións do grupo municipal do PP.

ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde pregunta aos grupos municipais se teñen algún rogo que formular. Non existindo rogos, procédese á formulación das correspondentes preguntas:

A Concelleira do PP, Belén Trigo, pregunta sobre as estacas, cada vez máis numerosas, que marcan as rutas de sendeirismo da zona de Naraío, por ser da que ten coñecemento directo, mais aplicable a outras zonas. A este respecto quere saber se se colocan desde o concello ou desde outra institución, quen as define, de onde saen as rutas e a onde van, quen as propón e se son enviadas á Xunta para facelas oficialmente. Sobre este tema considera que a colocación está mal feita por realizarse en cruces de camiños de zona forestal, onde se poden producir accidentes con máquinas madeireiras ou tractores ou en pistas que dan servizo a montes privados costeados polos veciños e quere saber se se ten en conta aos donos das fincas, xa que están en zonas privadas. Tamén quere saber se a sinalización das rutas e a colocación da mesma é subvencionada por algunha institución. E considera que o feito de coexistir rutas de sendeirismo con montes privados nos que se fai aproveitamento madeireiro pode crear problemas á hora da coexistencia dos usos.

O Alcalde sinala que se a pregunta se realizase de acordo co regulamento municipal, a resposta podería ser moito máis completa e documentada. Considera que non procede entrar a debater sobre as consideracións vertidas pola Concelleira, que non son obxecto de debate no punto de rogos e preguntas, como quen paga a construción de camiños que, tanto historicamente, por medio da autoorganización, como tamén actualmente, por medio dos impostos municipais, son costeados polas veciñas e veciños. Sobre o contido da cuestión, informa de que na parroquia de Naraío hai unha ruta feita polo Concello nos anos 90 con unha subvención do plan PRODER que xestionaba a Asociación Euroeume, que é un carreiro que vai paralelo ao Río Castro, desde a Igrexa de Naraío, en Pereiras; que pasa polo Castelo e vai ata o Castelo. Posteriormente fíxose outra gran ruta (GR) que vai a San Andrés de Teixido, que son zonas marcadas para paseo a pé. Non é unha ruta feita polo Concello, senón que segundo os datos, parece que foi realizada pola Xunta de Galicia; ao igual que a ruta dos Mosteiros, que une os mosteiros, castelos e elementos patrimoniais de interese desde Betanzos a San Andrés, pasando polo Castelo de Naraío.

A única ruta feita polo Concello é a do Río Castro que explicou anteriormente. En todo

caso, as rutas de sendeirismo son unha cuestión a promocionar e fomentar, como parte da promoción do Concello e máis nunha sociedade sedentaria como a actual nas que as recomendacións de saúde son as actividades ao aire libre e as institucións deben fomentalas e facilitalas. En calquera caso, informa de que se hai algunha sinalización que moleste ou sexa perigosa, agradece se poña en coñecemento do equipo de goberno para realizar as xestións oportunas para o seu cambio de ubicación.

A Concelleira do PP, Cristina Calvo, pregunta como se contratou ao persoal municipal desde o 2008 ao 2012, xa que conta con un informe de Secretaría de 2012 sobre esa cuestión e quere aclaralo. Nomea concretamente a contratación do operario de servizos múltiples e da educadora familiar. Tamén pregunta a respecto da contratación da axente de igualdade, dado que no informe de 2012 manifesta que non consta no expediente existencia de bases, nin constitución de órgano colexiado para a selección, nin copias dos currículums remitidos desde a oficina de emprego.

O Alcalde responde que as contratacións foron convocadas como marca a lei e as bases específicas das convocatorias que correspondían a cada unha desas prazas. No referido á contratación da axente de igualdade, realizouse ao abeiro dun programa da Consellería de Traballo, similar aos programas de Cooperación da Xunta de Galicia, que tivo renovacións tal e como sinalaban as bases polas que se rexía. Tamén explica que se houbo algún tipo de irregularidade nas contratacións o propio informe debería explicar a existencia dun reparo á contratación e mesmo ao pago dos salarios, non podendo facerse insinuacións sobre actuacións que, de ser certas, serían constitutivas de delito.

A Concelleira do PSdG-PSOE, Yolanda Vázquez, pregunta se desde o Concello se ten tomado algunha medida a respecto da praza do médico no centro de saúde municipal que non se está a cubrir de xeito estable. O Alcalde resposta que desde o Concello se ten enviado un escrito á Consellería e á Xerencia da Área de Ferrol para solicitar a cobertura estable das ausencias médicas, pero que non se obtivo resposta e que o que se está a ver non é máis que o reflexo da política de recortes que leva a cabo a Xunta de Galicia tamén en materia sanitaria, que serve para que desde a Xunta se presuma de xestión a costa de recortas servizos á xente. O Alcalde comprométese a seguir insistindo na defensa dunha sanidade pública, de calidade e proximidade e en continuar demandando da Xunta a cobertura estable nas baixas que poidan producirse no centro de saúde de San Sadurniño.

A Sr. Vázquez pregunta tamén sobre a situación do expediente disciplinario ao funcionario municipal. E se houbo algunha sentenza.

O Alcalde responde que o funcionario está expedientado. Informa que hai unha sentenza en primeira instancia que deu a razón ao Concello no relativo á comisión da falta moi grave, discrepando da sanción aplicada. Tal sentenza atópase recorrida polo Concello, xa que a sanción que contempla a sentenza como adecuada (demérito profesional) non é aplicable a unha institución como o Concello de San Sadurniño no que o cadro de persoal é escaso e as funcións están definidas.

A Portavoz do PSdG-PSOE manifesta que a información que ela tiña era totalmente a contraria e que o funcionario se atopa de baixa médica. O Alcalde aclara que está trasladando o contido da sentenza ditada pola xuíza e que, de non ser esa a situación, o traballador estaría traballando. Pon a disposición da Concelleira unha copia da sentenza.

Ás 12:29 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria accidental, dou fe.

San Sadurniño, venres 23 de febreiro de 2018

A Secretaria accidental, Mónica Cibreiro Caneiro

O alcalde, Secundino García Casal